



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

2017

MEMORIA DE XESTIÓN



CONTIDO

XUNTA DE GOBERNO	2
XUNTAS XERAIS	4
ORDINARIAS.....	4
CONVENIOS	7
SECRETARÍA.....	8
ALTAS E BAIXAS.....	9
ÁREA TÉCNICA.....	10
ÁREA DE INFORMÁTICA	13
COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN	16
COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA.....	26
RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL.....	28
RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.....	30
SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS: PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES	31
INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS	34
AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES	35
DELEGACIÓNS.....	38
DELEGACIÓN DE A CORUÑA.....	39
DELEGACIÓN DE LUGO	41
DELEGACIÓN DE OURENSE.....	44
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	47
DELEGACIÓN DE VIGO.....	50
DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	53
DELEGACIÓN DE FERROL.....	55



XUNTA DE GOBERNO

COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio 2017 a Xunta de Goberno tivo a seguinte composición:

DECANO-PRESIDENTE / ANTONIO MAROÑO CAL
TESOUREIRO-CONTADOR / CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE
SECRETARIO / JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO
VOGAL / ELVIRA CARREGADO PAZOS
VOGAL / BEATRIZ HERMIDA CALVIÑO
VOGAL / FERNANDO TABERNEIRO DUQUE
VOGAL A CORUÑA / CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ
VOGAL VIGO / SIMÓN PEREIRO LÓPEZ-QUECUTY
PRESIDENTE A CORUÑA / ROBERTO COSTAS PÉREZ
PRESIDENTE LUGO / RAÚL J. VEIGA LAMELAS
PRESIDENTE OURENSE / ANTONIO DE PAULA PRIETO
PRESIDENTE PONTEVEDRA / MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY
PRESIDENTE VIGO / ANTONIO DAVILA ALONSO
PRESIDENTA SANTIAGO / SANTIAGO GARCÍA SUÁREZ
PRESIDENTE FERROL / RAMÓN MONTERO CEREIJO

A Xunta de Goberno celebrou 13 reunións no transcurso do ano 2017.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno no ano 2017 estivo formada por:

- Ata o 8 de febreiro: Decano, o Tesoureiro, o Secretario, a vogal Dona Elvira Carregado Pazos e o Presidente da Delegación de Vigo, Don Antonio Davila Alonso.
- Desde o 9 de febreiro: Decano, o Tesoureiro, o Secretario, a vogal Dona Elvira Carregado Pazos e o Presidente da Delegación de Santiago, Don Santiago García Suárez.

A Comisión Executiva celebrou 4 reunións no transcurso do ano 2017.

XUNTAS DIRECTIVAS

Durante o exercicio 2017 a Xunta de Goberno tivo a seguinte composición:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez.
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández.
Tesoureiro: Dona Julia Álvarez García.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Secretario: Dona Mónica Folgueira Cobas.
Tesoureiro: Dona M^a Belén Feijóo Lombao.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Alberto de Paula Prieto.
Secretario: Dona Emma Noriega García.
Tesoureiro: Dona Paula Feijoo Calviño.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Secretario: D. Anselmo Villanueva Peón.
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso.
Secretario: Dona María Mariño de Oya
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidenta: Don Santiago García Suárez.
Secretaria: D. Alejandro Fernández Vázquez.
Tesoureira: Dona Carmen Rey López.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo.
Secretario: Dona M^a de la Concepción Laborda Alberto.
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso.



Representantes do COAG noutros organismos

ORGANISMO	REPRESENTANTE
Representante no Pleno do CSCAE	D. Antonio Maroño Cal
Representante Padroado Fundación Docomomo	
Representante titular na Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	
Membro Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia	
Membro do Consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	
Xurado de Expropiación de Galicia	Titular: D. José Manuel Alonso Velasco
	Suplente: D. Alberto de Paula Prieto
Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago	Titular: Dona Carmen Rey López
	Suplente: D. Ricardo Varela Fernández
Representante na Comisión Técnica da Fundación Docomomo	D. Fernando Agrasar Quiroga
Comisión de Réxime Disciplinario do CSCAE	D. José Antonio Piñeiro Carrera
Representante na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Dona Elvira Carregado Pazos
Representante ante a "Unión de Agrupaciones de Arquitectos al Servicio de las Administraciones Públicas"	

Representantes da Xunta de Goberno na Asemblea xeral do CSCAE celebrada o 30 de novembro de 2017

Conforme ao acordo da Xunta de Goberno 11/2017 de 2 de novembro, foron designados representantes na Asemblea Xeral do CSCAE os seguintes membros das Xunta de Goberno:

- Antonio Maroño Cal, Decano
- Carlos Rodríguez de la Torre, Tesoureiro
- José Luís Sanmiguel Guerreiro, Secretario
- Elvira Carregado Pazos, vogal
- Beatriz Hermida Calviño, Vogal
- Fernando M. Taberner Duque, Vogal
- Simón Pereiro López Quecuty, Vogal
- Roberto Costas Pérez, Presidente Delegación A Coruña
- Raúl J. Veiga Lamelas, Presidente Delegación Lugo
- Manuel Abelleira Argibay, Presidente Delegación Pontevedra
- Ramón Montero Cereijo, Presidente Delegación de Ferrol



XUNTAS XERAIS

ORDINARIAS

Xunta Xeral ordinaria de 29/05/2017

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 29 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTA XERAIS PENDENTES.
- 2º.- INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
- 3º.- INFORME DO SR. SECRETARIO.
- 4º.- APROBAR, SE PROCEDE, A MODIFICACIÓN DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” PARA QUE TÓDOLOS VISADOS DE MODIFICADOS DE TRABALLOS XA VISADOS QUE VEÑAN MOTIVADOS POR REQUIRIMENTOS NOTIFICADOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEXAN GRATUÍTOS, CON EFECTO DESDE O 1 DE XANEIRO DE 2017, DE XEITO QUE O APARTADO DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” TITULADO “COMPLEXIDADE DOS MODIFICADOS”, NA PÁXINA 16 DA GUÍA, QUEDARÍA REDACTADO CO SEGUINTE TEOR LITERAL
- 5º.- RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO D. CARLOS GARRIGA DOMÍNGUEZ, COLEXIADO CO Nº 2219, COA ADHESIÓN DOUTROS CATRO COLEXIADOS, CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 21 DE DECEMBRO DE 2016 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS”.
- 6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2016.
- 7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2016.
- 8º.- ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º APROBAR AS ACTAS DAS XUNTAS XERAIS PENDENTES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	115
En contra	2
Abstencións	14
Total votos	131
(14 presenciais, 19 dixitais e 98 delegados)	

PUNTO 4. APROBAR A MODIFICACIÓN DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” PARA QUE TÓDOLOS VISADOS DE MODIFICADOS DE TRABALLOS XA VISADOS QUE VEÑAN MOTIVADOS POR REQUIRIMENTOS NOTIFICADOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEXAN GRATUÍTOS, CON EFECTO DESDE O 1 DE XANEIRO DE 2017.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	174
En contra	2
Abstencións	5
Total votos	181
(18 presenciais, 33 dixitais e 130 delegados)	

PUNTO 5. RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO D. CARLOS GARRIGA DOMÍNGUEZ, COLEXIADO CO Nº 2219, COA ADHESIÓN DE OUTROS CATRO COLEXIADOS, CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 21 DE DECEMBRO DE 2016 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS”.



O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor da desestimación	162
En contra da desestimación	19
Abstencións	5
Total votos	186

(20 presenciais, 30 dixitais e 136 delegados)

PUNTO 6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2016.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	159
En contra	2
Abstencións	8
Total votos	169

(19 presenciais, 21 dixitais e 129 delegados)

PUNTO 7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2016.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	164
En contra	4
Abstencións	6
Total votos	174

(18 presenciais, 27 dixitais e 129 delegados)

Xunta Xeral ordinaria de 19/12/2017

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 19 de decembro, tratouse a seguinte orde do día:

- PUNTO 1º. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. PUNTO
- PUNTO 2º. ALTAS, BAIXAS, COLEXIADOS DE HONRA E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2017. PUNTO
- PUNTO 3º. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE. PUNTO
- PUNTO 4º. INFORME DO SR. SECRETARIO. PUNTO
- PUNTO 5º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2018, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO, PREZOS DOS SERVIZOS VOLUNTARIOS, PREZO UNITARIO DA UNIDADE DE COMPLEXIDADE DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS E ACTUALIZACIÓN DE FACTORES DE CÁLCULO DA COMPLEXIDADE. PUNTO
- PUNTO 6º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS 2018” COA ACTUALIZACIÓN DE FACTORES DE CÁLCULO DA COMPLEXIDADE E OUTRAS MELLORAS CARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR O 1 DE XANEIRO. PUNTO
- PUNTO 7º. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.



Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º APROBAR AS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	93
En contra	4
Abstencións	4
Total votos	101

(12 presenciais, 24 dixitais e 65 delegados)

PUNTO 5º. APROBAR O PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2018, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO, PREZOS DOS SERVIZOS VOLUNTARIOS, PREZO UNITARIO DA UNIDADE DE COMPLEXIDADE DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS E ACTUALIZACIÓN DE FACTORES DE CÁLCULO DA COMPLEXIDADE.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	109
En contra	7
Abstencións	2
Total votos	118

(13 presenciais, 24 dixitais e 81 delegados)

PUNTO 6º. APROBAR A “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS 2018” COA ACTUALIZACIÓN DE FACTORES DE CÁLCULO DA COMPLEXIDADE E OUTRAS MELLORAS CARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR O 1 DE XANEIRO.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	104
En contra	5
Abstencións	7
Total votos	116

(13 presenciais, 23 dixitais e 80 delegados)



CONVENIOS

ATINNE FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. Asinado o 13/02/2017. **Obxecto:** regulación da colaboración para ofertar os cursos de ATINNE FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. para o Colexio **Vixencia:** un ano, prorrogándose tacitamente. **Obrigas do Colexio:** comunicar os descontos en formación aos colexiados e apoio a ATINNE FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. na difusión das accións formativas. **Obrigas da outra parte:** ofrecer condicións económicas especiais para os colexiados, cun 15% de desconto para os colexiados, e un 10% adicional para os colexiados subscritos ao servizo de formación do Colexio, abonando ao COAG un 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo Colexio.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. Asinado o 07/07/2017. **Obxecto:** protocolo para a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das dúas institucións. **Vixencia:** 31/12/2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. Asinado o 17/02/2017. **Obxecto:** elaborar un protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da “Guía de cor e materiais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia a través dun traballo exhaustivo de análise e procesamento do material acadado no desenvolvemento do convenio de colaboración anterior para desenvolver a Guía de Cor. **Obrigas do Colexio:** realizar convocatoria, contratación e seguimento para entregar ao Instituto de Estudos do Territorio a publicación lista para ser editada. **Obrigas da outra parte:** aportar financiamento para esta actividade por un importe máximo de 48.000 euros.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Asinado o 30/03/2017. **Obxecto:** addenda ao convenio asinado en maio de 2016 para financiamento das actuacións pendentes da realización de diferentes actuacións documentais e de mellora de eficiencia técnica nos centros educativos das 4 provincias galegas, dependentes da Xunta de Galicia. **Vixencia:** ate o 31/12/2017. **Obrigas do Colexio:** convocatoria e xestión dunha quenda de arquitectos para o remate dos traballos pendentes. **Obrigas da outra parte:** aportar financiamento para esta actividade por un importe máximo de 77.600 euros.

UNIVERSIDADE DE A CORUÑA - GRUPO INVESTIGACIÓN “DERECHO PÚBLICO GLOBAL”. Asinado o 05/04/2017. **Obxecto:** Protocolo de colaboración para o desenvolvemento e a divulgación do coñecemento e intercambio de experiencias en materia de Arquitectura, Urbanismo e Ordenación do Territorio.

CONCELLO DE FERROL. Asinado o 19/04/2017. **Obxecto:** elaboración de visitas guiadas de arquitectura e cidade en Ferrol como parte das actividades complementarias do ProxectoTerra. **Vixencia:** 31/12/2017. **Obrigas do Colexio:** Xestión da oferta de visitas, aporte de material didáctico e incorporación do Concello de Ferrol como entidade colaboradora. **Obrigas da outra parte:** Colaboración na organización de actividades e financiamento dun máximo de 3.000 euros.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Asinado o 30/06/2017. **Obxecto:** colaboración para a celebración de “LUDANTIA: I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para Infancia e Mocidade”. **Vixencia:** ate o 31/12/2018. **Obrigas do Colexio:** organización e coordinación de todos os actos da Bienal. **Obrigas da outra parte:** o financiamento por un importe de 60.000 euros.

EDITECA. Asinado o 31/07/2017. **Obxecto:** convenio en materia de formación. **Vixencia:** 1 ano. **Obrigas do Colexio:** difusión das actividades formativas realizadas pola entidade. **Obrigas da outra parte:** o abono do 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo colexio.

COMDISEÑO, S.L. Asinado o 18/10/2017. **Obxecto:** patrocinio na actividade formativa “MESTURAS, ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA GALICIA-PORTUGAL” .**Vixencia:** ate a finalización da actividade. **Obrigas do Colexio:** publicidade do patrocinador na actividade formativa. **Obrigas da outra parte:** patrocinio por importe de 1.000 euros máis IVE.



SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 17 actas, correspondentes a 13 sesións de Xunta de Goberno e 4 sesión da Comisión Executiva.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de 29 de maio e de 19 de decembro .
- Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 209.
- Execución dos acordos recaídos nas sesións de Xunta de Goberno, Comisión Executiva e Xuntas Xerais.
- Tramitación de 250 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:
 - 120 altas de colexiados residentes
 - 71 baixas de colexiados residentes
 - 59 altas de colexiados habilitados
 - Rexistro, distribución e arquivo de 673 documentos (263 entradas e 410 saídas)
- En canto á xestión e recepción de documentos dos becarios do convenio de prácticas coa E.T.S.A.C, xestionáronse 9 solicitudes de becarios realizadas por colexiados.
- Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.
- Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2017 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria Galega e ao Colexio Notarial de Galicia. Tamén se xestionou a convocatoria da lista de peritos para a "Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia", xestionando a xestión da designación como peritos de 19 colexiados inscritos nesa lista.
- Por último, durante o 2017 tramitáronse 7 bolsas de emprego que correspondían cos seguintes ofertas de emprego:
 - Contratación dun/dunha arquitecto/a para a realización da Certificación de Eficiencia Enerxética do baixo da Delegación de Vigo.
 - Contratación de dous arquitectos para seleccionar expedientes co obxecto da devolución aos seu sautores, no local de arquivo da Delegación de Pontevedra.
 - Contratación de dous arquitectos para seleccionar expedientes co obxecto da devolución aos seu sautores, no local de arquivo da Delegación de Ferrol.
 - Oferta de traballo na que se solicita un arquitecto/a interesado/a na redacción de proxecto de demolición e dirección técnica da mesma no Concello de Nigrán (Maio 2017)
 - Contratación dun/dunha arquitecto/a para a realización da Certificación de Eficiencia Enerxética do baixo da Delegación de A Coruña.
 - Oferta de traballo na que se solicita un arquitecto/a interesado/a na redacción de proxecto de demolición e dirección técnica da mesma no Concello de Nigrán (Xuño 2017)
 - Convocatoria dunha bolsa de emprego para a designación dun arquitecto/a colexiado/a para a redacción dun informe de valoración de terreo e edificación en Lugar de Sabarís (Concello de Baiona)



ALTAS E BAIXAS

COLEXIADOS:

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	42
Lugo	9
Ourense	7
Pontevedra	14
Vigo	28
Santiago	12
Ferrol	8

TOTAL: 120

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	21
Lugo	5
Ourense	4
Pontevedra	9
Vigo	15
Santiago	14
Ferrol	3

71

TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	993
Lugo	248
Ourense	255
Pontevedra	308
Vigo	526
Santiago	288
Ferrol	123

2741

SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	1
Lugo	2
Ourense	1
Pontevedra	3
Vigo	2
Santiago	2
Ferrol	0

TOTAL: 11

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	0
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	2
Vigo	1
Santiago	0
Ferrol	0

3

TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	80
Lugo	22
Ourense	19
Pontevedra	25
Vigo	36
Santiago	22
Ferrol	5

209

Arquitectos falecidos en 2017: **5**

- 57, Carlos Trabazo Piñeiro, delegación de Pontevedra
- 823, Jesús Fernández López, delegación de Lugo
- 1507, Rosa María Vázquez Vázquez, delegación de Santiago
- 1633, Blanca Veiga Blanco, delegación de Lugo
- 1827, Gustavo Ariel Moreira Collazo, delegación de Vigo

Colexiados de honor 2017: **6**

- 74 Silva Suárez, Miguel- Delegación de A Coruña
- 75 Alcalá Navarro, Alfredo- Delegación de Ferrol
- 76 Portela Fernández-Jardón, Cesar- Delegación de Pontevedra
- 77 Morenas Aydillo, Julián- Delegación de Santiago
- 79 Campos de Michelena, Pascuala- Delegación de Pontevedra
- 80 Felices Huarte, Alfredo- Delegación de Ourense



ÁREA TÉCNICA

A Área Técnica ten como misións esenciais:

- Supervisión da tramitación de traballos profesionais: visado, rexistro, visado intercolexial e interterritorial
- Asesoramento ós Colexiados mediante a plataforma web de consultas, atención telefónica e atención presencial: Urbanismo, Edificación, Tramitación (xeral), Tramitación de expedientes
- Atención presencial e telefónica para o público en xeral
- Mantemento da web: utilidades profesionais, normativa técnica, novidades de planeamento e outra normativa de interese

A adicación a estas tarefas detállase máis adiante, mais cómpre subliñar a labor de colaboración con outros departamentos colexiais que quedan reflectidos nos apartados específicos da Memoria de Xestión:

- Departamento de Informática: seguimento e actualización das aplicacións de tramitación de traballos profesionais: COAG-Estudo, COAG-Xestión, COAG-Estudo web, Ferramenta web da Guía de tramitación
- Departamento Xurídico e Secretaría Colexial: elaboración de suxestións, alegacións e recursos a proxectos normativos (locais, autonómicos e, mediante o CSCAE, estatais) e concursos de licitación pública (das administracións locais e autonómica)
- Xunta de Goberno, Comisións e Xuntas de Delegación: elaboración de Convenios coas Administracións, asesoramento e outras tarefas
- Tesourería e Departamento de Informática: análises para a elaboración dos orzamentos no relativo a ingresos por tramitación de traballos profesionais
- Comisión de Visado: mantemento da Guía de tramitación e mailo seu catálogo así como asesoramento puntual en temas de interpretación
- Decano: asesoramento en propostas técnicas do CSCAE
- CSCAE: mantemento do Manual de Calidade da Normativa Común de Visado

Tramitación de traballos profesionais: Visado e Rexistro

Na seguinte táboa detállanse os traballos tramitados no 2017, diferenciando por tipo de expediente (Obras de Edificación, Ordinarias, Derrubas, Urbanización, Planeamento e Outros), tipo de tramitación (Rexistro e Visado), e dando o número de traballos tramitados e a súa complexidade.

Non se pode facer un comparativo co 2016, dado que, fronte a Guía, o antigo Manual vixente durante 9 meses non permite este detalle na tramitación.

Na táboa destacan algúns traballos que non se corresponden co Catálogo da Guía; estes traballos aparecen como casos excepcionais de compatibilidade con tramitacións iniciadas con anterioridade á Guía de tramitación.

Traballo	Rexistro		Visado		Total	
	nº	comp.	nº	comp.	nº	comp.
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	13	130	32	790	45	920
Acta de traza ou inicio de obra	26	260	15	375	41	635
Anteprojecto	5	50	6	130	11	180
Certificación parcial de obra	33	330	126	3.110	159	3.440
Certificado Final de Obra			4	0	4	0
Certificado final de obras de edificación			699	83.880	699	83.880
Certificado final de obras de edificación. Modificado			18	2.160	18	2.160
Certificado final de obras de edificación. Parcial			24	2.880	24	2.880
Certificado finalización obras de edificación suxeitas a legalización			30	3.600	30	3.600
Certificado para inscrición obra nova	22	220	68	1.650	90	1.870
Dilixencia (para tramitación CFO)			828	137	828	137



	Documentación do control da obra	1	10			1	10
	Documentación do control das obras de edificación	10	100			10	100
	Documentación do seguimento das obras de edificación	1.626	16.230			1.626	16.230
	Documentación do seguimento e control da obra	7	70			7	70
	Estado final de obras de edificación			1.015	21.805	1.015	21.805
	Estatística da edificación	214	2.140	387	9.545	601	11.685
	Estudos previos	2	20			2	20
	Expediente de legalización de obra de edificación en curso			206	32.010	206	32.010
	Expediente de legalización de obra de edificación terminada			220	40.655	220	40.655
	Liquidación final	26	260	91	2.265	117	2.525
	Oficio de dirección	408	4.080	1.681	41.665	2.089	45.745
	Outra documentación para o Libro do Edificio	8	80	9	215	17	295
	Outro	182	1.820	332	8.090	514	9.910
	Proxecto básico	101	1.010	378	39.039	479	40.049
	Proxecto de execución			3.986	1.072.219	3.986	1.072.219
	Solicitude do libro de incidencias	100	500			100	500
	Solicitude do libro de ordes e asistencia	1.702	8.510			1.702	8.510
	Traballos de recoñecemento, exame de documentos, consulta			1	0	1	0
	Total Obras Edificación	4.486	35.820	10.156	1.366.220	14.642	1.402.040
O R D I N A R I A S	Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	28	280	62	1.540	90	1.820
	Acta de traza ou inicio de obra	5	50	3	75	8	125
	Anteprojecto	2	20	18	370	20	390
	Certificación parcial de obra			1	25	1	25
	Certificado de finalización de obras suxeitas a legalización	1	10	9	540	10	550
	Certificado final de obra	68	780	473	28.380	541	29.160
	Certificado para inscrición obra nova			2	50	2	50
	Documentación do control da obra	7	70			7	70
	Documentación do seguimento e control da obra	40	400			40	400
	Estado final de obra	14	140	134	2.010	148	2.150
	Estatística da edificación	113	1.130	114	2.780	227	3.910
	Expediente de legalización de obra en curso	4	40	91	8.195	95	8.235
	Expediente de legalización de obra terminada	8	80	78	9.180	86	9.260
	Liquidación final	3	30	4	100	7	130
	Oficio de dirección	221	2.210	657	16.365	878	18.575
	Outra documentación para o Libro do Edificio	2	20	1	25	3	45
	Outro	50	500	85	2.115	135	2.615
	Proxecto técnico	208	2.080	1.568	157.960	1.776	160.040
	Solicitude do libro de incidencias	160	800			160	800
		Total Obras Ordinarias	934	8.640	3.300	229.710	4.234
D E R R U B A S	Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	8	80	5	115	13	195
	Acta de traza ou inicio de obra	4	40	2	50	6	90
	Certificado final de obra	13	130	41	2.460	54	2.590
	Documentación do seguimento e control da obra	5	50			5	50
	Estado final de obra			9	120	9	120
	Estatística da edificación	15	150	22	540	37	690
	Liquidación final	1	10	2	50	3	60
	Oficio de dirección	25	250	107	2.645	132	2.895
	Outro	5	50	10	250	15	300
	Proxecto de derruba			242	16.368	242	16.368
Solicitude do libro de incidencias	9	45			9	45	
	Total Derrubas	85	805	440	22.598	525	23.403
U R B A N I Z A C I Ó N	Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	1	10	1	25	2	35
	Acta de traza ou inicio de obra			1	25	1	25
	Certificado final de obra			5	300	5	300
	Documentación do control da obra	1	10			1	10
	Documentación do seguimento e control da obra	1	10			1	10
	Estado final de obra			5	75	5	75
	Liquidación final			3	75	3	75
Oficio de dirección			7	165	7	165	
Outro			2	50	2	50	
	Proxecto de urbanización	2	20	12	1.330	14	1.350



	Solicitude do libro de incidencias	6	30			6	30
	Total Obras Urbanización	11	80	36	2.045	47	2.125
P L A N	Estudo de detalle	1	10	5	345	6	355
	Instrumento de equidistribución	1	10	9	225	10	235
	Plan especial	1	10	3	45	4	55
	Total Planeamento	3	30	17	615	20	645
O U T R O S	Estudo ou estudo básico de seguridade e saúde	2	20	8	480	10	500
	Informe de avaliación de edificios (IAE)	234	2.340	30	720	264	3.060
	Informe de inspección técnica de edificios (ITE)	652	6.520	74	1.830	726	8.350
	Memoria de actividade	36	360	70	3.570	106	3.930
	Pericias	159	1.590	807	18.875	966	20.465
	Proxecto parcial	5	50	16	1.010	21	1.060
	Total Outros	1.088	10.880	1.005	26.485	2.093	37.365
	TOTAL	6.607	56.255	14.954	1.647.673	21.561	1.703.928
		31%	3%	69%	97%	100%	100%

Normativa técnica e planeamento

Mensualmente, elaborouse e publicouse o informe de novidades de normativa técnica, planeamento e outra normativa de interese, actualizándose a web de normativa.

Asesoramento

A finais de 2016, coa aparición da Guía de tramitación, increméntanse notablemente as consultas sobre tramitación (visado expedientes). Este pulo mantense no 2017, reducíndose pouco a pouco e podendo dar por desaparecido o seu efecto co primeiro semestre de 2017. No resto dos ámbitos: minguan as consultas e redúcese o tempo de resposta. Na táboa que segue detállanse as consultas feitas mediante a plataforma web:

ano	2016		2017		Δ 2017/2016	
ámbito	número	días	número	días	número	días
Edificación	514	1,6	467	1,5	-9%	-6 %
Urbanismo	115	1,3	86	1,5	-25 %	+15 %
Visado (Xen)	416	1,0	374	1,0	-10 %	0 %
Visado (Exp)	2.126	1,0	1.815	0,9	-15 %	-10 %
Total	3.167	1,13	2.742	1,03	-13 %	-9 %



ÁREA DE INFORMÁTICA

Introdución

A continuación descríbense esquematicamente os principais traballos realizados pola Área de Informática no ano 2017. Nesta exposición non se inclúen as tarefas de mantemento e soporte de sistemas ou aplicacións, así como as actividades de soporte e atención a áreas/usuarios internos.

Melloras na aplicación de tramitación COAGEstudio

Dende a entrada en vigor da Guía de tramitación, incorporáronse na actual ferramenta de tramitación desde os estudos, COAGEstudio, unha serie de melloras para facilitar a presentación desde os estudos, entre elas:

- Posibilidade de **auto-retención**. Con esta función, o estudo pode de forma autónoma cambiar documentación que se atopa pendente de tramitación, sen necesidade de intervención por parte do COAG.
- Solicitude de **urxencia**. A solicitude (motivada) de urxencia na tramitación pódese realizar directamente desde COAGEstudio por parte do colexiado.
- Control do **contido tramitado**. Funcións que permiten validar a integridade da documentación presentada (advertencias, compendios, etc.) co fin de evitar erros e prazos adicionais.
- Introducción da **estrutura documental non guiada** como alternativa para determinado tipo de traballos profesionais.
- Melloras na **exportación ao disco** da documentación tramitada.
- Implementación dos cambios da **nova versión da Guía de tramitación 2017**.
- Melloras no **control de validez das sinaturas electrónicas** (estado de revogación directo en COAGEstudio, validacións previas,...).

Comezo da implementación dunha nova aplicación de tramitación COAGEstudio

O programa para a tramitación de traballos profesionais (COAGEstudio) precisa unha actualización substancial desde o punto de vista tecnolóxico e da facilidade de uso. Dita actualización aprazouse nos últimos anos para dar prioridade a outras accións e tarefas, mais o “ciclo de vida” normal do programa xa está excedido.

Por outra banda, nos últimos tempos mudou o perfil de uso do programa e é preciso responder a novas circunstancias: menor delegación en traballadores do estudio, colexiados que tramitan de forma esporádica, obrigatoriedade da presentación electrónica, posibilidade de rexistrar os traballos, tramitacións a realizar por outros técnicos, incorporación da sinatura “de cidadá”, mobilidade, mellora e estabilización das conexións a Internet,...

Finalmente, a aparición da Guía de Tramitación facilita dun xeito moi substancial e simplifica a elaboración dunha nova contorna de tramitación telemática para o colexiado, ao proporcionar, entre outros, un marco definido para todas as posibles tramitacións, un modelo regular e estruturado da información, e unha linguaxe natural para o estudio de arquitectura.

A partires do anterior, aprobouse en 2017 deseñar unha nova aplicación de tramitación de traballos profesionais “desde cero”, tendo como referencia procedimental a “Guía de Tramitación de Traballos Profesionais”.

A nova aplicación, que funcionará en contorna “web”, debe resultar clara, intuitiva e áxil para o estudo de arquitectura, estando en liña coa súa linguaxe e as súas dinámicas de traballo. Así mesmo, debe dar resposta aos distintos perfís de uso actual dos arquitectos: coñecementos e práctica tecnolóxica, tramitacións esporádicas/frecuentes, traballos de grande dimensión documental/pequenos traballos, outros técnicos,...

Durante 2017 acometeuse a primeira fase de desenvolvemento da nova aplicación. En particular, o funcionamento da nova aplicación está sendo definido a través dun proceso participativo, no que está implicado principalmente un grupo de seis/sete colexiados que foron seleccionados para tal fin en base aos seus diferentes perfís en relación coa tramitación de traballos profesionais. Os colexiados seleccionados están traballando conxuntamente coa empresa Hacce, especialista en usabilidade web e experiencia de usuario, e a Área de Informática do COAG, na definición da nova aplicación de tramitación.



Plataforma de formularios

Incorporouse aos sistemas de información do COAG unha plataforma xenérica de formularios que, para procedementos sinxelos, **permite implementar nun curto período de tempo, xestións que implican recabar información** (datos, arquivos, etc.). Deste xeito, por exemplo, puidéronse lanzar con relativa axilidade procesos como os de COAGAxuda, facturacións de colexiados vinculadas a convenios, matriculación en cursos superiores, etc.

Migración de servidores centrais

Acometeuse unha **actualización de todos os servidores do COAG** á última versión dos sistemas operativos correspondentes, ademais de a unha plataforma “hardware” máis potente e flexible (modalidade “hosting”). Por outra banda, **incrementáronse as medidas de seguridade internas** de cara a evitar o impacto nos sistemas do COAG das recentes incidencias de seguridade TIC a nivel mundial (virus, malware,...).

Mellora nos sistemas e mecanismos de atención telefónica


En 2017 **realizáronse unha serie de implementacións nos sistemas e mecanismos de atención telefónica** que permitiron incrementar substancialmente a calidade deste servizo. Con anterioridade ao período desta memoria, a situación de atención telefónica presentaba as seguintes características:

- Chamadas collidas á primeira: 38% para todos os teléfonos, 40% para o teléfono de atención principal.
- Chamadas non collidas e non devoltas: 50%.

Partindo desta situación, en xaneiro de 2017 á Área de Informática encargóuselle implantar un novo sistema de medida e seguimento diario de chamadas e redefiníronse os circuitos de atención para o teléfono principal do COAG e para os teléfonos das delegacións, ademais de outras medidas técnicas e organizativas. A partires de entón, **a nova situación do servizo de atención telefónica mellorou:**


- Aumento significativo das chamadas collidas á primeira: 63% para todos os teléfonos (antes 38%), 78-80% para o teléfono de atención principal (antes 40%).
- Chamadas non collidas a colexiados e devoltas antes da primeira hora da mañá laboral seguinte: ~100%.

% collidas á primeira, teléfono de atención principal 918552400



Resolución de consultas/atención telemática ao colexiado

Resolvéronse un total de 791 consultas telemáticas no **ámbito específico informático**. Apréciase un **descenso do ~25%** respecto ao 2016, principalmente debida á finalización da implantación da Guía de Tramitación en xaneiro (ver gráfico), que trouxo consigo unha minoración significativa nas consultas desde os estudos.





En 2017 a **vía preferente de entrada de consultas** desde os estudos continuou sendo a telemática (~88%), un 1% superior a 2016.

Outros desenvolvementos e traballos

- Adaptacións para a **colexiación 2018**: simulacións de novos escenarios, descontos por volume, colexiación colaborativa,...
- **Actualización da plataforma de indicadores de xestión e cadros de mando (Qlikview)** á súa última versión soportada (QlikSense), que permite unha consulta moito máis áxil da información e ademais soporta a visualización a través de mapas de forma “nativa”.



COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que se consideren oportunas, ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei. Todo iso segundo establécese en:

- O texto consolidado da Lei estatal 2/1974 estatal de 13 do febreiro sobre Colexios profesionais, e da Lei 11/2010 autonómica de 18 do setembro, e
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016

Así nesta liña de actuación, con coñecemento do Decanato e da Secretaría colexial, así como co propio saber a través de Xunta de Goberno colexial, dos responsables desta área, que tralas eleccións de 12 do maio de 2015, foron designados Cristóbal Crespo González (vocal da Coruña) e Fernando Taberero Duque (vocal libre), realizáronse con a súa dirección polos recursos humanos colexiais, as seguintes actuacións:

ÁMBITO DE CONCURSOS

Neste exercicio realizáronse as seguintes accións:

- Velar pola transparencia dos concursos convocados polas diferentes Administracións.
- Seguimento dos concursos que obran na plataforma de concursos públicos do CSCAE, sobre os cales o COAG ten establecido convenio para ofrecelo baixo subscrición aos seus colexiados.
- Seguimento do fallo do concurso nivel de anteproxecto, para a remodelación da praza de armas do concello de Ferrol, convocado coa colaboración do COAG.
- Seguimento do fallo do concurso de anteproxectos para concurso de anteproxectos para rehabilitación de vivendas no lugar de Fondodevila no concello de Parada de Sil, convocado coa colaboración do COAG.
- Redacción a instancia da Xunta de Goberno colexial dun convenio tipo e condicións para a convocatoria de concursos nos que colabore o COAG.

Realizáronse as seguintes propostas de Convenio fora dos específicos para a convocatoria de concursos, xunto coa asesoría xurídica colexial:

- Borrador dun primeiro convenio para a convocatoria dun concurso de anteproxectos para a concurso para a reforma e ampliación das instalacións do colexio Rosalía de Castro en Vigo (COAG Vigo).
- Redacción dun primeiro convenio de colaboración para a convocatoria dun concurso privado de ideas con intervención de xurado para a reforma das instalacións la empresa Viña Costeira sitas en Valdepereira no concello de Ribadavia (COAG Ourense).
- Redacción dun convenio de colaboración con o concello de Pontearreas para a convocatoria dun concurso público de proxectos a nivel de anteproxectos en dúas fases para a mellora dos espazos centrais desa vila (COAG Vigo).
- Redacción dun convenio de colaboración con concello de Cambre para a convocatoria dun concurso de proxectos con intervención de xurado para, a remodelación do Parque Ramón Barba no Temple nese concello (COAG Coruña).
- Acercamento ao concello de Silleda co gallo do seu interese na convocatoria dun concurso para adaptar un edificio para a nova casa consistorial dese municipio (COAG Pontevedra).

AMBITO DE NORMATIVA

Mensualmente, e quincenalmente desde o mes de abril de 2017, se fai a confección e posterior envío aos colexiados que estean de alta no servizo de Colexiación de normativa, do informe daquela normativa de interese para a profesión, publicada diariamente no D.O. de Galicia, no B.O.E. e nos BOP's provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e no Diario Oficial da CEE.

Así no ano 2017, se realizaron as seguintes comunicacións os colexiados adscritos a este servizo colexial, nas seguintes datas:



- o Xaneiro de 2017: Comunicado o 31/01
- o Febreiro de 2017: Comunicado o 28/02
- o Marzo de 2017: Comunicado o 03/04
- o Abril de 2017: Comunicado o 30/04
- o Maio de 2017: Comunicado o 31/05
- o Xuño de 2017: Comunicado o 30/06
- o Xullo de 2017: Comunicado o 31/07
- o Agosto de 2017: Comunicado o 31/08
- o Setembro de 2017: Comunicado o 30/09
- o Outubro de 2017: Comunicado o 31/10
- o Novembro de 2017: Comunicado o 30/11
- o Decembro de 2017: Comunicado o 03/01/2018

Todos os informes obran no seguinte enlace da web colexial:

<http://www.coag.é/normativa/gl/default.asp>

Entre outras, no ano 2017, destaca a publicación da lexislación seguinte, contida nos anteriores informes:

A. NORMATIVA DE ÁMBITO SECTORIAL

- o LEI DE MEDIDAS FISCAIS. (modifica transversalmente Leis de interese para a profesión): LEI 2/2017 da Presidencia da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. enlace en: DOG 09/02/2017. Entre outras modifica as seguintes Leis:
 - A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sobre Adaptación do planeamento en tramitación
 - A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
 - A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - o Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria.
 - A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia,
 - A Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, para regular a ampliación das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- o RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA Decreto da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio 95/2017, do 21 de setembro, polo que se crea a Rede de reservas da biosfera de Galicia. DOG 13/10/2017.
- o PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES Lei estatal 7/2017, de 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo BOE 04/11/2017.
- o INICIATIVAS EMPRESARIALES EN GALICIA Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. BOE 10/11/2017.
- o CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. BOE 09/11/2017.
- o LEI DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E FOMENTO DO ALUGUER DE VIVENDAS. CUESTIONS DE INCONSTITUCIONALIDADE Cuestión de inconstitucionalidade n.º 4952-2017, en relación con apartado b) da disposición adicional segunda da Lei 4/2013, de 4 de xuño, de medidas de flexibilización e fomento do mercado del aluguer de vivendas. BOE 21/11/2017.
- o LEI DE PORTOS DE GALICIA LEI da Presidencia da Xunta de Galicia 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. DOG 14/12/2017.
- o LICENZAS DE ACTIVIDADES DE XOGO Resolución do 1 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, pola que, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 1614/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros do xogo, establécese o procedemento de solicitude e outorgamento das Licenzas Singulares para o desenvolvemento e explotación dos distintos tipos de actividades de xogo. BOE 12/12/2017.



- INSTRUCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓNS EN BENS INMOBLES CATALOGADOS E NOS SEUS ENTORNOS Instrución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizaciós en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento. DOG 05/12/2017.

B. NORMATIVA TÉCNICA

- REGULAMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA ÚTIL Real Decreto do Ministerio da presidencia e para as administracións territoriais 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil. Inclúe Requisitos técnicos das instalacións de recepción de vehículos, dos depósitos das administracións públicas e das instalacións de tratamento de vehículos ao final da súa vida útil .BOE 21/01/2017
- ORDENACIÓN DE APARTAMENTOS Y VIVIENDAS TURÍSTICAS EN GALICIA Decreto da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 10/02/2017
- PROCEDIMENTOS AUTORIZACIÓN INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS Decreto da Consellería de Economía, Emprego e Industria 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 01/02/2017
- CÁLCULO DOS PORCENTAXES DE RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDO PARA 2017 NOS CONCELLOS DE GALICIA Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 15 de febreiro de 2017 pola que se establece o método de cálculo das porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida e se publican as correspondentes ao ano 2017. DOG 01/03/2017.
- MEDIOS DE COMPROBACIÓN DO VALOR DOS BENS INMOBLES, NO ÁMBITO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS RESOLUCIÓN da Axencia Tributaria de Galicia do 17 de abril de 2017 pola que se actualizan os anexos da Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral. BOE 28/04/2017
- PROTECCIÓN DE DEUDORES HIPOTECARIOS SEN RECURSOS Resolución do 30 de marzo de 2017, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de convalidación do Real Decreto-lei 5/2017, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto-lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos e a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social. BOE 07/04/2017
- CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN. MODIFICACIÓN Orde FOM/588/2017 do Ministerio de Fomento. Código Técnico de la Edificación, de 15 do xuño, pola que se modifican o Documento Básico DB-HE "Aforro de enerxía" e o Documento Básico DB-HS "Salubridade", do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 do marzo. BOE 23/06/2017
- EDIFICIOS. EFICIENCIA ENERXÉTICA Real Decreto de MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIONES TERRITORIAIS 564/2017, de 2 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 235/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios. BOE 06/06/2017
- REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS Real Decreto do MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios. BOE 12/06/2017 Derroga o Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e a Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 16 de abril de 1998, sobre normas de procedemento e desenrolo do citado Decreto
- DISEÑO DE CENTRAIS NUCLEARES CONSEJO DE SEGURIDAD NUCLEAR. Instrución IS-27, revisión 1, do 14 de xuño de 2017, do Consello de Seguridade Nuclear, sobre criterios xerais de deseño de centrais nucleares. BOE 03/07/2017
- REGULAMENTACIÓN DE INSTALACIÓNS PETROLÍFERAS PARA VEHÍCULOS Real Decreto 706/2017 do MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE, de 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04 "Instalacións para subministro a vehículos" e se regulan determinados aspectos da regulamentación de instalacións petrolíferas. BOE 02/08/2017



- PLAN DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL E METROLOXÍA EN GALICIA ORDE da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de xullo de 2017 pola que se aproba o Plan de inspección en materia de seguridade industrial e metroloxía na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. DOG 01/08/2017
- CONTAMINACIÓN Real Decreto 773/2017, do 28 de xullo, do MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES pola que se modifican diversos reais decretos en materia de produtos e emisións industriais. BOE 31/08/2017
- RESIDUOS Y SUELOS CONTAMINADOS Orde do MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE APM/1007/2017, do 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas a aquelas na que se xeraron. BOE 21/10/2017

C. OUTRA NORMATIVA DE INTERESE

- MODELOS NORMALIZADOS PARA A CERTIFICACIÓN DE DATOS NO REXISTRO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA ORDE da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio do 10 de marzo de 2017 pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, previstas no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 30/03/2017
- PROTECCIÓN DE DEUDORES HIPOTECARIOS SEN RECURSOS Resolución do 30 de marzo de 2017, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de convalidación do Real Decreto-lei 5/2017, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto-lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos e a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social. BOE 07/04/2017
- ITV DE VEHÍCULOS Real Decreto 920/2017, do 23 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos. No Anexo II e III se inclúen condicións aplicables os locais e as instalacións de estes establecementos. BOE 08/11/2017
- ASCENSORES DECRETO da Consellería de Economía, Emprego e Industria 107/2017, do 26 de outubro, relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 14/11/2017
- SOLOS CONTAMINADOS Orde PRA/1080/2017, de 2 de novembro, pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 9/2005, de 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados. BOE 09/11/2017
- TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DECRETO da Consellería de Economía, Emprego e Industria 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes. DOG 17/11/2017

Tamén neste ano, comunicouse os colexiados con alta neste servizo, un resumo de:

- REGULAMENTO DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA. Resumo feito pola Dirección xeral de urbanismo da Xunta de Galicia.

Así como a primeira redacción DUNHA INSTRUCIÓN PARA A RECEPCIÓN, INFORMACIÓN E FORMACIÓN DE NOVOS COLEXIADOS NO COAG.



ÁMBITO DE FORMACIÓN

Impulsose novamente a actividade formativa do Colexio a través de cursos propios, convenios con entidades externas de formación e organización de diferentes eventos e xornadas de contido técnico nas Delegacións.

Definíronse os criterios para a articulación dos contidos a abordar dentro das actividades formativas do COAG, establecéndose as seguintes modalidades:

Contido	Modalidade formativa
Materias que son inherentes e específicas da arquitectura e o seu ámbito competencial	CURSOS PROPIOS CURSOS PROPIOS EN COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
Materias que son transversais a outras disciplinas, pero que son demandadas polos colexiados por supoñer unha mellora na súa capacitación profesional (ferramentas informáticas, habilidades, etc.)	CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA
Aspectos técnicos de gran especificidade relacionados coa aplicación e empleabilidade de materiais e produtos concretos vinculados ó sector da construción.	XORNADAS TÉCNICAS levadas a cabo por empresas do sector

1. CURSOS PROPIOS

1.1. Formación destinada á actualización profesional

Cursos de duración breve nos que se abordan materias relacionadas con ámbitos concretos do exercicio profesional.

En 2017 desenvolvéronse 3 cursos sobre diversas materias de actualidade en diferentes ámbitos da profesión, entre eles:

- Iniciación á fotografía
- Fotografía de arquitectura
- Simulación enerxética con Open Studio

En total, neste tipo de accións formativas participaron un total de **35 alumnos diferentes**, parte dos cales nos trasladaron, a través das enquisas de satisfacción que se lles fixeron chegar a súa valoración, en xeral positiva, sobre as mesmas.

1.2. Formación especializada

No ano 2017 o COAG puxo en marcha o Curso Superior de Técnico de Urbanismo para arquitectos e outros técnicos ao servizo da Administración, no marco do convenio de colaboración subscrito coa EGAP, mantendo os obxectivos xa definidos o ano anterior co Curso Superior de Urbanismo de acercar a formación especializada no ámbito de urbanismo aos colexiados. Así, ofreceuse un prezo moi vantaxoso para colexiados (33% de desconto sobre matrícula ordinaria) e levou a cabo unha importante actualización dos contidos do curso.

Total alumnos matriculados: 27

Tamén se realizaron 5 edicións do curso “Nuevo marco normativo del urbanismo en Galicia” que tratou sobre a Lei do Solo de Galicia 2/2016 e o seu Regulamento; a lei 9/2013 do Emprendemento e a competitividade económica de Galicia e o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Total alumnos matriculados: 176



2. CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA:

Aínda que o Colexio velou pola formación dos seus Colexiados a través do deseño e impartición de accións formativas encamiñadas a mellorar a súa capacitación nas diferentes áreas da edificación e o urbanismo, preténdese incrementar o campo de actuación dos Colexiados no ámbito das ferramentas informáticas e outras habilidades que, sendo transversais a outras disciplinas, complementan o ámbito competencial directo dos arquitectos, contribúen a mellorar a súa empleabilidade de cara a desenvolver a súa actividade en estudos e empresas.

Os convenios con entidades de formación externa teñen por obxecto, por tanto, facilitar aos Colexiados poidan complementar a súa formación con aqueles contidos que, aínda que por non se inclúen dentro do plan de formación do COAG por facer referencia a materias que non son específicas do noso ámbito competencial, si se entende que resultan de interese para os Colexiados por mellorar a súa capacitación profesional.

En 2017, mantívose o marco regulador común que unifica as porcentaxes de desconto mínimos que deben aplicarse aos Colexiados do COAG sobre os importes de matrícula ordinarios correspondentes a cada unha das accións formativas.

Subscríbense convenios coas seguintes entidades:

- Imasgal
- Noa Innova
- Geasic
- Iscar
- Editeca

Como resultado dos convenios, celebráronse 54 cursos cunha duración de 300 horas de dedicación.

3. XORNADAS TÉCNICAS:

Sesións informativas levadas a cabo por empresas especializadas do sector. Aínda que teñen unha finalidade comercial, as xornadas técnicas organizadas no COAG impártense sempre dende un formato docente, no que a presentación dos produtos se fundamente nun contido técnico relacionado con esixencias xerais da normativa da edificación e impartidas por técnicos competentes.

Durante 2017, no COAG celebráronse 5 xornadas técnicas, a cargo de diferentes empresas ou organismos.

- JORNADAS TÉCNICAS: Metodología BIM con CYPE. A Coruña | Vigo
- CESUGA: Primeras Jornadas formativas BIM Galicia 2017. A Coruña.
- INFOCONSTRUCCIÓN. Jornada técnica: Productos y técnicas aplicables en rehabilitación: Santiago | Vigo



ÁMBITO DE CULTURA

I. LIBROS COAG

Ao longo do ano 2017, realizáronse os seguintes traballos:

1. Campaña de Nadal 2016
2. Continuouse co proceso de centralización das publicacións das Delegacións no almacén de Lugo, recibindo publicacións procedentes dos arquivos das Delegacións, especialmente da de A Coruña.
3. Proceso de dixitalización da revista OBRADOIRO dos nº 22 ao 28. Rematouse o proceso de dixitalización e puxéronse a libre disposición os correspondentes ficheiros pdf a 300ppp para a súa descarga gratuíta.
4. A través da tenda LibrosCOAG, realizáronse 70 vendas. O importe das vendas consta no servizo de tesourería do COAG

Desde setembro de 2016, non se continuou co proceso de altas no fondo editorial co obxecto de poder proceder a súa venda a través da tenda LibrosCOAG.

II. PUBLICACIÓNS

1. DESARROLLO Y DETERIORO URBANO DE LA CIUDAD DE VIGO

Autor: José Luis Pereiro

Edición revisada COAG en colaboración co Concello de Vigo – 2017

2. A VILA DO MAÑÁ – AMES

Autoras: Sandra González Álvarez e Emma López Bahut

Coedición COAG – PØST Arquitectos – 2017

3. FLOR DE SANTIAGO

Autora: Ruth Varela

Coedición COAG – Flor de Santiago – 2017

III. OBRADOIRO DIXITAL

- Rexistro da publicación dixital OBD – OBRADOIRO DIXITAL
- Elaboración do deseño, composición, maqueta e plantillas da revista
- Preparación do número OBD-1 XV-XVI Premios COAG

PROXECTOTERRA

Ao longo do ano 2017, as actividades do ProxectoTERRA concretáronse nas seguintes accións:

1.- Mantemento da oferta de actividades complementarias para a Educación Secundaria.

- Desenvolvéronse 51 actividades cunha participación de 2295 escolares de ESO. Recordar que os materiais do ProxectoTERRA para educación secundaria están presentes no 100% dos centros públicos de Galicia e no 70% dos concertados e que xa teñen participado nas nosas actividades complementarias (950) uns 47500 escolares da ESO.

2.- Mantemento de relacións institucionais na procura de colaboración no desenvolvemento das nosas actividades:

- Asinouse un novo convenio co Concello de Ferrol para a súa colaboración na organización da visita guiada á cidade de Ferrol, integrada no ProxectoTERRA. Este convenio supón a asunción por parte do Concello do custo da barca para o paseo pola ría e visita ao Castelo de San Felipe.

3.- Mantívose a integración do ProxectoTERRA no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa participación de 2425 alumnos/as pertencentes a 40 centros escolares de Primaria e Secundaria.



4.- Difusión do ProxectoTerra:

- En marzo de 2017, o ProxectoTERRA estivo presente en Porto no programa do IV Encontro Playgrounds celebrado na Facultade de Arquitectura da Universidade de Porto, baixo o título “Ludic Architecture”.
- En outubro de 2017, o ProxectoTERRA estivo presente en Barcelona dentro das xornadas de celebración do Día Mundial da Arquitectura organizadas polo COAC e tamén estivo presente no primeiro encontro ANIDAR en Buenos Aires.

5.- Traballos de dirección executiva de LUDANTIA:

- Ao longo de todo o 2017, realizáronse as actividades previstas no programa de *LUDANTIA: I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a infancia e a mocidade*. En marzo, desenvolvéronse unhas xornadas de formación na Facultade de Belas Artes de Pontevedra sobre “Patios Escolares”. En novembro finalizou o proceso de elaboración dos proxectos educativos, recibíndose 89 proxectos de 19 países. Toda a información esta dispoñibles na web: <http://ludantia.wixsite.com/bienal-internacional> .
- Mantivéronse constantes contactos co Concello e Deputación de Pontevedra como resultado da necesidade de poñer en marcha os convenio asinados ou en fase de negociación.

6.- Xestións para a renovación do convenio de financiamento do ProxectoTERRA pola Xunta de Galicia:

- Mantivéronse reiterados contactos coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia co obxectivo de renovar o convenio de colaboración do ProxectoTERRA así como da posibilidade de que a CMAOT colaborase en LUDANTIA co financiamento da Expo Activa. Estas xestións deron como resultado o compromiso de renovación do convenio por dous anos 2018-2019, incrementándose a partida a 120.000 € anuais así como unha partida específica de 60.000 € para financiar no 2018 a Expo Activa integrada en Ludantia.

O financiamento do proxecto realizouse con cargo á correspondente partida orzamentaria do COAG, por importe de 103.448,00 €, e a cofinanciación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo como resultado do convenio de colaboración plurianual 2016-2017 –asinado con data 26 de xuño de 2016- que garante a continuidade do proxecto e que permite manter a oferta das actividades complementarias previstas -visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais- así como a ampliación da súa oferta á Educación Primaria.



ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

Durante o ano 2017, publicáronse un total de 374 novas na páxina web, un 79% máis que no ano 2016 (209).

Realizouse o envío de 47 Circulares, das que 27 corresponden á Secretaría e outras 20 ás distintas Delegacións.

Fixéronse un total de 295 envíos por correo electrónico aos colexiados, entre os envíos xerais e os específicos de cada Delegación.

No mes de xuño, comezouse a elaborar o Boletín de Información semanal, contendo as novas activas na páxina web, que se remite a todos os colexiados os mércores. Neste ano realizouse o envío de 29 Boletíns.

Creouse un apartado na páxina web chamado "COAG Actúa", que recolle as distintas actuacións levadas a cabo polo Colexio en defensa dos intereses da profesión. Durante o ano 2017 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

Data	Concepto
19-01-2017	Declaración do COAG ante o Derrubo da "Casa Guzmán" de Alejandro de la Sota
10-02-2017	O COAG interpón recurso de reposición en impugnación da licitación convocada polo concello de Baiona para adjudicar o contrato de servizos de redacción dos plans especiais de protección de Morade HT (O) e Medialdea (UT (O))
02-03-2017	Suxestións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ao Proxecto de Decreto polo que se regulará a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía
08-03-2017	O concello de Baiona estima parcialmente o recurso de reposición interposto polo COAG en impugnación da licitación do contrato de servizos de redacción dos plans especiais de protección de Morade HT (O) e Medialdea (UT (O)).
28-04-2017	Proposta dedicación "Día das Artes Galegas 2018" a Alejandro de la Sota
24-05-2017	Reunións de seguimento da Guía de Tramitación de traballos profesionais
29-05-2017	O COAG presentou un escrito de alegacións no concello de A Guarda solicitando a desestimación do recurso interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos en impugnación da licitación da asistencia técnica urbanística que está a licitar o concello, pola esixencia contida nos pregos de ter a titulación de arquitecto
29-05-2017	El COAG se persona en el procedimiento ordinario 4008/2017, tramitado en el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en defensa de los intereses generales de la profesión de arquitecto
07-06-2017	Asignación de encargos en virtude da convocatoria da quenda de arquitectos para a catalogación de centros de ensino públicos, competencia da Xunta de Galicia
12-06-2017	Interposición de recurso de reposición contra convocatoria da licitación para a contratación do Servizo de Asistencia Técnico Urbanística do Concello de Boqueixón
13-06-2017	O COAG presentou un escrito de alegacións no concello de Bóveda solicitando a desestimación do recurso interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos en impugnación da licitación do contrato de servizos de consultaría urbanística, redacción de proxectos técnicos e dirección de obras
13-06-2017	Alegacións do COAG ao proxecto integrador da estación intermodal de Ourense (proxectos de estación de ferrocarril e conexións de permeabilidade transversal, estación de autobuses, aparcamento para turismos)
14-06-2017	O COAG comparece e constitúese en parte no Procedemento Ordinario 4221/2017, tramitado pola sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en defensa das competencias profesionais
15-06-2017	O COAG comparece e constitúese en parte no Procedemento Ordinario 4271/2017, tramitado pola sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en defensa das competencias profesionais
23-06-2017	O concello de Bóveda acolle as alegación efectuadas polo COAG o 13/06/2017 desestimando o recurso de reposición interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños
23-06-2017	O concello de Boqueixón estima parcialmente o recurso de reposición interposto polo COAG o pasado 13/06/2017 en impugnación da licitación da asistencia técnica urbanística do concello
23-06-2017	Interposición de recurso de reposición contra convocatoria da licitación para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica ao Concello de Irixoa en materia de urbanismo, arquitectura e parte técnica en xeral
26-06-2017	Interposición de recurso de reposición en impugnación da convocatoria polo concello de Vilamarín de contratación laboral temporal dun Arquitecto
05-07-2017	Recurso de reposición contra acordo Concello de A Coruña de aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a adquisición polo concello de edificios de vivendas
14-07-2017	O concello de Irixoa desestima o recurso de reposición interposto polo COAG
19-07-2017	Suxestións ao Proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia



Data	Concepto
08-08-2017	Escrito remitido ao Concello de Silleda en relación co anuncio da convocatoria do concurso para o deseño do novo consistorio
08-08-2017	Recurso de reposición contra a convocatoria polo Concello de Mugarbos das "bases para a elaboración dunha lista para a posible contratación laboral temporal, mediante oposición libre dun Arquitecto/a"
10-08-2017	Suxestións remitidas á Universidade de Vigo en relación coa licitación para a contratación da redacción de proxecto e dirección da obra de rehabilitación do edificio Faraday da ETEA
18-08-2017	Desestimación do recurso interposto contra a modificación do cadro de persoal 2017 da Deputación de A Coruña
23-08-2017	Curso Superior de Técnico de Urbanismo COAG EGAP 2017-2018
06-09-2017	O COAG comparece e constitúese en parte no Procedemento Ordinario 195/2017 tramitado no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra en relación ao recurso contencioso administrativo interposto polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos en impugnación da licitación da asistencia técnica urbanística do concello de A Guarda
12-09-2017	O COAG comparece e constitúese en parte no Procedemento Especial para a Garantía de Unidade de Mercado GUM 16/2017, tramitado pola Sección 6ª da Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional
18-09-2017	Consulta á dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia en relación coa interpretación da Disposición Transitoria terceira, parágrafo segundo, da vixente Lei do Solo de Galicia
21-09-2017	Desestimación polo Concello de Mugarbos do recurso do Colexio contra as bases dunha lista para contratación laboral temporal dun arquitecto.
25-09-2017	Impugnación da Convocatoria do Concurso de Ideas para a redacción do proxecto construtivo dunha ponte para peóns sobre o Río Miño.
28-09-2017	Consulta a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia
29-09-2017	Recurso contra a licitación da redacción do Plan Parcial para o Desenvolvemento da Área de Actuación SU-01 do PXOM de Vilamartín de Valdeorras
02-10-2017	Interposición de recurso impugnando a licitación da adaptación do PXOM de Oia á Lei do Solo de Galicia
04-10-2017	A Deputación Provincial de Pontevedra estima parcialmente o recurso de reposición interposto polo COAG en impugnación das bases do concurso de ideas para a selección das tres mellores propostas de proxecto de ponte peatonal e de bicicletas sobre o Miño
05-10-2017	Desestimación do recurso de reposición presentado COAG contra o acordo de aprobación das bases da Convocatoria de adquisición de edificios e vivendas polo Concello de A Coruña
05-10-2017	Declaración do COAG para salvar do derrubo a "Casa Benedicto" en Navia de Suarna
11-10-2017	O COAG interpón recurso contencioso administrativo (en vía xudicial) en impugnación da licitación do concello de Lirioxa para adxudicar o servizo de asistencia técnica urbanística
13-10-2017	Concurso de ideas para a construción da ponte peonil que unirá Tomiño e Vila Nova da Cerveira: rectificación das bases e reapertura do prazo de presentación.
20-10-2017	Impugnación da licitación dos servizos de redacción do PXOM do concello de Oza-Cesuras
23-10-2017	Lista aberta de colexiados dispostos a axudar no proceso de recuperación das zonas afectadas polos incendios
25-10-2017	Recurso licitación redacción de proxecto de construción dun pavillón polideportivo en Quirós, convocada polo Concello de Vigo
27-10-2017	Recurso Resolución Concurso de Ideas para a elaboración do proxecto da "Nova Casa Consistorial" no Concello de Silleda
30-10-2017	O concello de Vilamartín de Valdeorras estima o recurso de reposición presentado polo COAG en impugnación da licitación para adxudicar o contrato de servizos de redacción do Plan Parcial da área de actuación SU-01 do PXOM
31-10-2017	Recurso da licitación da redacción PXOM do Concello de Cambre
02-11-2017	Recurso da licitación da redacción PXOM do Concello de Betanzos
16-11-2017	O concello de Betanzos estima parcialmente o recurso de reposición interposto polo COAG en impugnación da licitación para contratar a redacción do PXOM
20-11-2017	O concello de Oza-Cesuras desestima o recurso de reposición presentado polo COAG en impugnación da licitación mediante procedemento restrinxido da adxudicación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oza-Cesuras
24-11-2017	Achegas do COAG presentadas no trámite de consultas abertas no portal de transparencia da Xunta de Galicia da "Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia"
30-11-2017	Alegacións ao concurso de ideas para a redacción de proxecto de peonalización e humanización da rúa Quiroga Ballesteros do Concello de Lugo
05-12-2017	Aportación de suxestións ao Anteprojecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
12-12-2017	Impugnación da licitación polo Concello de Lugo sobre a humanización da rúa Quiroga Ballesteros
12-12-2017	Impugnación da licitación polo Concello de Sanxenxo da modificación puntual do PXOM
14-12-2017	Impugnación da licitación pola Consellería de Infraestruturas e vivenda sobre a reforma da estación de autobuses de Pontevedra
18-12-2017	Impugnación da licitación polo Concello de Vigo sobre o estadio municipal de Balaídos
20-12-2017	Suxestións á Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia



COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Composición:

Vogal responsable de Xunta de Goberno: Elvira Carregado Pazos

Responsable de apoio do COAG : Cristina López Eimil, arquitecta de visado, Área Técnica do COAG.

Comisión Superior de Urbanismo.

De acordo a Lei 2/2016, artigo 9 e o 13 do Regulamento que determina a composición da CSU , o COAG nomeou como Vogal neste organismo á Vogal de Urbanismo. Durante O 2017 celebráronse tres sesión:

- **14 de xuño de 2017**, que incluíu a proposta de redución do solo rústico de protección de costas no PXOM de Bueu e o informe de acordo co establecido no punto 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese sobre o Proxecto de ampliación de instalacións do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI).
- **27 de setembro de 2017**, co expediente de modificación puntual do PXOM de Ribeira para incorporar un sistema xeral de infraestruturas contido no Plan de saneamento local da Ría de Arousa, marxe dereita, Concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, informe de acordo co establecido no punto 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, sobre o Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela, informe de acordo co establecido no punto 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, sobre o Proxecto público educativo CEIP en Cidadelle Chapela (Redondela) e comunicación do Concello de Outeiro de Rei de interposición de recurso de reposición contra a resolución denegatoria da incursión na situación de fóra de ordenación total para a incorporación ao patrimonio do seu titular, ao abeiro da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, recurso fundamentado no informe desfavorable emitido pola CSU de data 16.12.2015, da edificación destinada a vivenda, situada no lugar de Marcelle-San Martín de Guillar, nº4, concello de Outeiro de Rei (Lugo), a instancia de interesado.
- **29 de novembro de 2017**, co informe do Proxecto integrado da estación intermodal de Ourense , de acordo co establecido no punto 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia.

O xoves 23 de xuño o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude do convenio de colaboración subscrito co Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, convoca o “Concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia” sendo as áreas as seguintes:

- Áreas A: Rías Baixas, Golfo Ártabro, Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas.
- Áreas B: Serras Orientais, Serras Surorientais, Chairas, Fosas e Serras Ourensás, Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, Costa Sur- Baixo Miño, Chairas e Fosas Occidentais, Galicia Setentrional; A Mariña-Baixo Eo.

Como continuación do establecido en dito Convenio, creouse una Comisión mixta de seguimento dos traballos, cara a publicación definitiva da Guía de Cor e materiais de Galicia.

Por parte do COAG procedeuse á coordinación, revisión e corrección dos traballos dos equipos nomeados, en contacto continuo e seguindo as directrices marcadas polo Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Este traballo foi realizado ó longo do primeiro semestre de 2017.

Como resultado da mencionada colaboración, en data 23 de outubro, tivo lugar na localidade de Redes, a presentación deste traballo por parte do presidente da Xunta de Galicia, que pretende dotar á Comunidade dunhas directrices técnicas, científicas e obxectivas para regular o emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes de Galicia.

Os equipos de traballo baseáronse nas 12 grandes áreas paisaxísticas que identifica o Catálogo das Paisaxes de Galicia, recollendo unha serie de recomendacións e propostas prácticas, cun carácter orientativo e que poden servir de fundamento e axuda para os plans urbanísticos e instrumentos de ordenación do territorio.



Coordinación dos Cursos do Convenio coa EGAP

Durante o ano 2017, celebráronse tres cursos incluídos no CONVENIO coa EGAP, que coordina esta vocalía co apoio da responsable de formación do COAG, Rocío Lamas

- *Curso de urbanismo para arquitectos y otros técnicos al servicio de la administración*, celebrado entre novembro de 2016 e abril de 2017.
- *Nuevo marco normativo del Urbanismo en Galicia*, celebrado entre marzo e xuño en A Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense e Santiago
- Novo Curso Superior de Técnico de Urbanismo a celebrar en 2017-2018. Iniciado en outubro de 2017

CONCURSO de proxecto e dirección de obra “Rehabilitación de edificio Faraday na ETEA. Universidade de Vigo

A UVIGO convoca este concurso que precisa mesa de comité de expertos, nomeando o COAG a vogal Elvira Carregado. As reunións e deliberación realizáronse durante o mes de setembro.

PREMIOS GALICIA PARABÉNS

Xurado dos premios que promove a Axencia Turismo de Galicia. As reunións e deliberación realizáronse durante en xullo.

Solicitud de inscrición no rexistro de entidades de carácter ambiental de Galicia, e suxestións ao Proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.”

O día 19 de xullo remitíronse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio as suxestións que presentou o Colexio ao “Proxecto de decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.”

PROXECTO DE DECRETO polo que se regulan as COMPETENCIAS AUTONÓMICAS na zona de SERVIDUME de PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE. Agosto 2017

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comunica a apertura do trámite de audiencia no procedemento de elaboración do proxecto de Decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre. No mes de agosto elaborouse texto de suxestións a dito decreto.

ANTEPROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN URBANAS DE GALICIA. TRÁMITE DE CONSULTAS

En relación co Anteprojecto de Lei de Rehabilitación e de Rexeneración urbanas de Galicia, elaborouse no mes de decembro texto de alegacións no trámite de consultas. Anteriormente en novembro aportáronse [achegas no trámite de consultas abertas no portal de transparencia da Xunta de Galicia](#).

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acorda someter a **consulta pública** en sede electrónica por un **prazo de dous meses o documento inicial estratéxico e o borrador do PLAN BÁSICO AUTONÓMICO**, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico. Para visualizar a cartografía contida no Plan Básico Autonómico pon a disposición un visor GIS de acceso público.

No mes de setembro de 2017 comezamos os traballos de lectura e estudo da extensa documentación que forma parte do Plan Básico Autonómico, redactándose un primeiro borrador de traballo para ser complementado cas aportacións dos colexiados do COAG, á espera do trámite de información pública. (As alegacións foron presentadas en data 22 de febreiro de 2018)

I Jornada de Urbanismo Galaico-Iberoamericano

Asistencia e participación en mesa redonda. 5 abril 2017.

XVII PREMIOS COAG.

Organización e coordinación xunto coa directiva de Ourense

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS TERRITORIAIS DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, DO CONSELLO ASESOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO E DA COMISIÓN TÉCNICA DE ARQUEOLOXÍA.

Redactadas e enviadas o 2 de marzo de 2017.




RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

Con data 1 de febreiro de 2017 prodúcese a incorporación de Manuel García Pita, como adscrito á Sede colexial na Área de Comunicación.

A 31 de decembro de 2017 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de 21 traballadores en plantilla. Dos cales 1 corresponde a persoal de limpeza, polo que os 20 restantes desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.

Conforme ao anterior, a 31 de decembro de 2017 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:

Traballadores/as por área/servicio





Persoal por centro de traballo e área_31/12/2017

OFICINAS CENTRAIS		8
José Luis Baltasar Hormigos	Área de Secretaría (1)	
María Esperanza Malvido Pose	Área de Asesoría Xurídica (1)	
Jose Manuel Torres Ferreiro Manuel Ángel da Cruz Blanco Manuel Dapena Sieiro	Área de Informática (3)	
Rocío Lamas Pérez-Cepeda	Área Técnica (1)	
María Teresa Cambón Cundíns Mikel Capeáns Pensado	Área de Finanzas (2)	
Manuel García Pita	Comunicación (1)	

DELEGACIÓN DE A CORUÑA		3
Antonio Freire Romero Pedro Díaz Sanjurjo	Área Técnica	
María del Carmen Pérez Ponte	Limpeza	

DELEGACIÓN DE LUGO		2
Cristina López Eimil Álvaro Sánchez Rábade	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE OURENSE		1
Manuela Rodríguez Ojea	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA		2
Julia Chamosa Martín	Área Técnica	
Alberto Escobar Molinero	Deontoloxía	

DELEGACIÓN DE VIGO		2
Anxo de la Puente Fernández	Área Técnica	
Esther Hernández Pérez		

DELEGACIÓN DE SANTIAGO		1
Enrique Urdiales de Santiago	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE FERROL		1
Eduardo Alonso Lois	Área Técnica	



RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Retribución anual fixa.

Durante o ano 2017 seguíronse aplicando as mesmas retribucións para os membros de Xunta de Goberno / Xuntas Directivas:

- O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron una retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Vogal	6.600,00 €
Total 5 vogais	33.000,00 €

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	22.000,00 €
Xunta Directiva Lugo	19.000,00 €
Xunta Directiva Ourense	19.000,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	19.000,00 €
Xunta Directiva Vigo	22.000,00 €
Xunta Directiva Santiago	19.000,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.000,00 €
Total Xuntas Directivas	139.000,00€

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Establécese un importe fixo de 25 euros por día e asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.



SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS: PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis, velar pola observancia da deontoloxía e das incompatibilidades no exercicio da profesión, así como o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado a velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

A Lei estatal 2/1974 do 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, nos seus artigos 2, 11 e 12.

A Lei 11/2010 autonómica do 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.

Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016 de 21 de xullo, no seus artigos 5.c); 6.3.h); 7.3; 16.2.a) y d) y 17.1

O vixente Código Deontolóxico dos Arquitectos, aprobado pola Asemblea Xeral do Consello Superior o día 20 de novembro de 2015 e que entrou en vigor o el 20.11.2016.

A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno do 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Ordinaria do Consello Superior de Arquitectos de España do 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o Colexio exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións recíprocas entre Arquitectos, coma nas destes cos seus clientes, ao tempo que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais coma deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis ómnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é obriga dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, coma a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando proceda e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa sesión nº 4/2012 do 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo nº 3, o responsable da Xunta de Goberno na área da Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais, tras as eleccións de 12 do maio de 2015, o servizo organizouse como de deseguido se di:

Responsable: Simón Pereiro López-Quecuty (Vogal)
Persoal do Colexio de apoio: Alberto Escobar Molinero

Todo elo con o apoio da asesoría xurídica colexial.



Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 do febreiro, sobre Colexios Profesionais, desde o ano 2012 o COAG na páxina web corporativa colexial, conta con un apartado para este servizo, onde está aloxado o propio Código e o Regulamento do servizo. Ver: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>

Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados , c) e d), deseguido apórtase:

Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta se é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

No ano 2017 este Servizo realizou a actividade que se concreta sucintamente en: (*)

POR EXPEDIENTES

Abríronse 11 expedientes. Deles:

1º	De inicio	10
2º	De resolución	09
3º	Acordo Xunta de Goberno	09
4º	Pendente resolución	01
5º	Pendientes Xunta de Goberno ou Directiva	00
6º	Previos (sen continuidade)	01

POR COLEXIADOS AFECTADOS

Foron afectados 11 colexiados. Deles:

CO	Da delegación da Coruña	01
LU	Da delegación de Lugo	01
OU	Da delegación de Ourense	01
PO	Da delegación de Pontevedra	04
VI	Da delegación de Vigo	02
SA	Da delegación de Santiago	02
FE	Da delegación de Ferrol	00
S/I	Sen identificar polo denunciante	00
O/Coas	Doutros COA's	00
O/Oprof	A Outros profesionais	01

POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA

Foron identificadas 14 supostas infraccións. Delas:

II	Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	10
III	Nas obrigacións xerais do arquitecto	01
IV	Nas súas incompatibilidades	00
V	Nas relacións do arquitecto cos clientes	08
VI	Nas relacións do arquitecto cos contratistas e industriais	00
VII	Nas relacións do arquitecto con outros profesionais que actúen como conselleiros técnicos ou como colaboradores	00
VIII	Nas relacións entre arquitectos	00



IX	Nas relacións do arquitecto co Colexio	01
X	Outras. Incumprimento Colexiación obrigatoria	00
	Outras. Titulación habilitante	01
	Outras. Suposta falsificación	00

POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 10 municipios galegos. Deles:

CO	Da provincia da Coruña (Bergondo)	1
LU	Da provincia de Lugo (Lugo)	1
OU	Da provincia de Ourense (Ourense)	1
PO	Da provincia de Pontevedra (Vigo, Caldas de Reis, Bueu; Pontevedra (2); A Estrada; Ribadumia; Catoira)	8

POR TIPO DE DEMANDANTE

I	Por persoa xurídica	00
II	Por persoa física	07
III	Por arquitecto colexiado	02
IV	Pola Administración	00
V	Por Comunidades de propietarios	01
VII	Pola Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou pola organización interna	00
VIII	Por outros profesionais	01

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez a diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes

ACORDOS E FIRMEZA

No ano 2017 a Xunta de Goberno:

Non abriu novas dilixencias previas debido que non se detectaron posibles infraccións deontolóxicas, archiváronse xustificadamente NOVE denuncias.

INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES

De acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto as Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan encontrarse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2017 non producíronse cuestións desta índole.

MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS

No ano 2017, non se produzo ningunha modificación do Código Deontolóxico dos Arquitectos aprobado polo Consello Superior dos Arquitectos de España no ano 2015

Servizo de Deontoloxía




INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

Dentro das consultas telemáticas realizadas polos colexiados, están definidas as temáticas ás que se refiren. Realizouse unha análise das mesmas, especificando as reclamacións presentadas no ano 2017, que amosan os seguintes resultados:

Custo de tramitación	26
Inscricións a través da web	15
Problema COAG-Estudio	11
Atención a colexiados	11
Procedemento visado	11
Documentación colexial	9
Xestións externas	7
Configuración colexiación	5
Inscrición peritos	2
Total	97

No histórico dos últimos catro anos, apréciase un descenso do número total de reclamacións:





AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

En 2017 a Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, tentando proporcionar a todos os colexiados, membros ou non da Agrupación, soporte para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

A Xunta Directiva da Agrupación estivo constituída durante 2017 polos seguintes integrantes:

D. Carlos Alvira Duplá	Presidente, representante Delegación de Pontevedra
D. Fernando M. Tabernero Duque	Secretario, representante Delegación de Santiago
D. José Antonio Piñeiro García	Tesoureiro, representante Delegación de Ourense
D. José Manuel Alonso Velasco	Vogal en representación da Delegación de A Coruña
D. Antonio Rodríguez Domínguez	Vogal en representante da Delegación de Lugo
D. Andrés Touceda Gómez	Vogal en representación da Delegación de Vigo
⁽¹⁾	Vogal en representación da Delegación de Ferrol
D. César Jiménez López	Vogal con voz pero sen voto (ex presidente)
D. Fernando M. Tabernero Duque⁽²⁾	Representante da Xunta de Goberno do COAG ⁽²⁾

⁽¹⁾ Convocadas eleccións en marzo de 2015, trala dimisión de D. Antonio Casal Fernández como vogal en representación da Delegación de Ferrol, ninguén concorreu ás mesmas, polo que o posto permaneceu vacante

⁽²⁾ Como vogal da Xunta de Goberno do COAG, e designado por esta para este fin, exerce tamén como representante da mesma diante da Xunta Directiva da Agrupación

No exercicio **2017** son membros da Agrupación **196 colexiados**, de acordo coa seguinte distribución:

Delegación de A Coruña	49 membros
Delegación de Lugo	22 membros
Delegación de Ourense	15 membros
Delegación de Pontevedra	32 membros
Delegación de Vigo	48 membros
Delegación de Santiago	21 membros
Delegación de Ferrol	9 membros
TOTAL	196 membros

A Xunta Directiva levou a cabo un total de sete reunións ao longo do ano natural, todas menos unha celebradas na sede do COAG, en Santiago de Compostela, nas que ademais dos asuntos de trámite abordáronse os temas previstos nas respectivas ordes do día. De entre eles recóllense a continuación algúns dos máis salientables:

- Sesión 1/17 | 4 de abril | Santiago de Compostela
Tómase entre outros o acordo de comezar a preparación dun curso de novos sistemas construtivos e as súas patoloxías.
- Sesión 2/17 | 16 de maio | Santiago de Compostela
Séguese traballando na preparación do curso, definindo contidos e propoñendo profesorado.



- Sesión 3/17 | 6 de xuño | Pontevedra

Decídese definir e delimitar os módulos que conformarán o curso e priorizalos no tempo, para así solicitar a colaboración de ASEMAS no financiamento de algúns deles.

- Sesión 4/17 | 21 de xuño | Santiago de Compostela

Séguese adiante coa preparación do curso, redefinindo e agrupando contidos, e axustando módulos e duracións dos mesmos.

- Sesión 5/17 | 21 de xullo | Santiago de Compostela

Tómase entre outros o acordo de elaborar unha enquisa para coñecer os intereses dos posibles asistentes ao curso, en particular sobre horarios e intensidade.

- Sesión 6/17 | 21 de setembro | Santiago de Compostela

Acórdase preparar novas reunións informais entre arquitectos e xuíces que se celebrarían nas Delegacións de A Coruña e Pontevedra.

- Sesión 7/17 | 23 de novembro | Santiago de Compostela

Tómase coñecemento e analízanse os resultados da enquisa xeral sobre formación feita polo Colexio entre todos os colexiados.

Pola súa banda, o Presidente, D. Carlos Alvira Duplá, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da Xunta Directiva da Unión, asistiu a catro reunións da citada Xunta Directiva, que se celebraron dúas en Madrid e dúas en Cartaxena, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que cómpre sinalar:

- Sesión nº 121 | 10 de febreiro | Cartaxena

Basicamente dedicada á organización e preparación das XI Xornadas CGPJ - CSCAE, que se celebrarán na propia cidade de Cartaxena do 4 ao 7 de outubro de 2017.

Organízanse tamén o II Concurso de relatos de arquitectos.

Encárgase a Dona Débora Serrano a confección dunha publicación sobre “Uso de equipos técnicos na labor pericial do arquitecto”.

- Sesión nº 122 | 16 de xuño | Madrid

Ademais da continuación coa organización das XI Xornadas, apróbase o texto dun convenio entre o CGPJ e o CSCAE en materia de mediación.

Dende a representación da agrupación de Castela e León Este e a de Galicia propónse a modificación de criterios para o Plan de Formación de Peritos.

- Sesión nº 123 | 4 de outubro | Cartaxena

Dende a representación da agrupación de Castela e León Este e a de Galicia reitérase a petición de debate sobre a modificación de criterios para o Plan de Formación de Peritos.

- Sesión nº 124 | 1 de decembro | Madrid

Aprobación do convenio entre o CGPJ e o CSCAE en materia de mediación



